

Programa Colectivos: A solución é a cooperativa

[En colaboración coa Rede Eusumo e o Concello de Porto do Son]

DATAS REALIZACIÓN	06, 07, 08 e 10/09/2021 e 21-24/09/2021	DURACIÓN	40 horas
HORARIO	De 9:30 a 14:30 hs		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Viveiro de Empresas, Noal, 26, Porto do Son		
PERSONA DE CONTACTO	José Pazó (Orientador Laboral do Concello de Porto do Son)	TELÉFONO	981 86 74 12 (Ext: 1302)
		E-MAIL	jose.pazo@portodoson.gal

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo ás persoas en situación de risco de exclusión que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar ás participantes os recursos e medidas de apoio existentes que favorecen o emprendemento.
- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo. Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo.

PROGRAMA E CONTIDOS

Acción 1: Emprendendo en cooperativa (20 horas)

1. Módulo 1.- O emprendemento. A situación actual do emprego
2. Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.
3. Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento
- Módulo 4.- Experiencia cooperativa. Boas prácticas no cooperativismo

Acción 2: Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas (20 horas)

1. Módulo 1.- A Comunicación
2. Módulos 2.- O traballo en equipo.
3. Módulo 3.- A toma de decisións.
4. Módulo 4.- O liderado nas cooperativas

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Persoas que estean pasando por situacións que as poñan en risco de exclusión social, tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluído ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.